FIRMADO POR Carlota González Navarro (FECHA: 12/04/2024 11:30:00) , Alberto González Fernández (FECHA: 12/04/2024 12:06:00)
Versión imprimible
CVD: zw7ZXkRNFrQzp/Na9Ek/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Valdoviño

Cabo Ortegal XEOPARQUE

VALDOVIÑO

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DOCE DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E CATRO.**

**Expte: 2024/G007/000013**

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e trinta minutos do día doce de abril de dous mil vinte e catro, reúnense en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 163 de data 11 de abril/2024 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, don Alejandro Antonio García Sousa e dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Dia da convocatoria.

**1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 04.04.24 (ORDINARIA).-**

O sr. alcalde pregúntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 04.04.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

**2º.- BAIXA DE LICENZA TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS, INSTADA POR [redacted]**

**PROPOSTA DE ALCALDÍA**

"En data 09.12.2020 co número de rexistro 20200000002898 solicitouse a licenza para a tenza de animais potencialmente perigosos instada por dona [redacted] a licenza concédese por acordo de Xunta de Goberno Local en data 17 12.2020 co número de licenza 89.

En data 08.04.2024 co número de rexistro 202400000000564 comunícase o falecemento do animal para o que foi emitida a licenza e solicita a baixa no Rexistro municipal de animais, de conformidade co artigo 6 punto 5 *"Deberá comunicarse al Registro municipal la venta, traspaso, donación, robo, muerte o pérdida del animal, haciéndose constar en su correspondiente hoja registral"* da Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre o Réxime xurídico da tenza de animais potencialmente perigosos".

Proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro**.- Rexistrar a baixa da licenza concedida a dona [redacted] co número 89.

**Segundo**.- Notificar á interesada o presente acordo para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Non obstante a Xunta de Goberno Local resolverá o que estime mais convinte.

*/Asinado dixitalmente polo sr alcalde/*”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/R002//000001).**

**<u>3º.- APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2024/8.-</u>**

**<u>PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA</u>**

“APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2024/8.

Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2024/8 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 8 facturas ascende á cantidade de CENTO CINCO MIL OITOCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON OITENTA E TRES CÉNTIMOS (105.832,83 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

**PROPÓN:**

**PRIMEIRO.- APROBAR** a relación de facturas sinalada, F/2024/8 por importe bruto de 105.832,83 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica
O alcalde:
Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente)*”

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/X999/000052).**

**<u>4º.- APROBAR A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA: “APOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DAS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURISTICO DE GALICIA” AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 4 DE MARZO DE 2024 POLAS QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A SÚA CONCESIÓN.-</u>**

“Vista a *RESOLUCIÓN do 4 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, a promoción e a difusión das festas declaradas de interese*

FIRMADO POR Carlota González Navarro (FECHA: 12/04/2024 11:30:00) , Alberto González Fernández (FECHA: 12/04/2024 12:06:00)
Versión imprimible
CVD: zw7ZXkRNFrQzp/Na9Ek/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (codigo de procedemento* TU500A)" publicada no DOG núm. 52 do mércores 13 de marzo de 2024.

**PROPONSE**

Participar en dita convocatoria para para promoción e difusión do evento "ABANCA Pantín Classic Galicia Pro" declarado festa de interese turístico de Galicia –"*RESOLUCIÓN de 24 de mayo de 2016 por la que se ordena la publicación del Acuerdo del Consello de la Xunta de Galicia de 19 de mayo de 2016, por el que se declara fiesta de interés turístico de Galicia el Pantín Classic Galicia Pro (A Coruña)" e ,*

***SOLICITAR*** *a* subvención para o APOIO, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DAS FESTAS DECLARADAS DE INTERESE TURÍSTICO DE GALICIA" (máximo da axuda 4.000,00 euros) e a contribución dunha achega económica da entidade ABANCA a través da mesma convocatoria de subvención (máximo de axuda 1.500,00 euros), así como,

**FINANCIAR** o importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro da convocatoria ata o importe total da execución prevista.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local acordará o que estime pertinente.

Valdoviño, 8 de MARZO de 2024.
O alcalde:
Asdo.: D. Alberto González Fernández"

**A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/A003/000011).**

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e corenta e oito minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

*/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/*

FIRMADO POR Carlota González Navarro (FECHA: 12/04/2024 11:30:00) , Alberto González Fernández (FECHA: 12/04/2024 12:06:00)
Versión imprimible
CVD: zw7ZXkRNFrQzp/Na9Ek/
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.